

# Concello de Mondariz

---

**EXPEDIENTE:** 83/2018 e 664/2018  
**ASUNTO:** Proxecto de reforma da planta baixa da Casa Consistorial  
**TRÁMITE:** Informe técnico urbanístico de comprobación do proxecto.

## INFORME TÉCNICO URBANÍSTICO DE COMPROBACIÓN DO PROXECTO

Sila Cecilia Martínez Abal, de profesión Arquitecto, a requerimento do Concello de Mondariz, en relación ao "**Proxecto de reforma da planta baixa da Casa Consistorial**", redactado polo arquitecto técnico don Miguel Ángel Pérez Marquina, asinado con data de agosto de 2018,

Emite o seguinte **INFORME**:

**PRIMEIRO.** De acordo co proxecto técnico, as obras consisten na reforma de parte da planta baixa da Casa Consistorial para integrar as oficinas de servizos sociais, orientación laboral, e servizo de educación familiar. Proxéctase tamén a creación dun aseo adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Trátase de obras interiores que, de acordo co proxecto, non interveñen na estrutura resistente.

Trátase de actuacións de demolición, albanería, revestimentos, solados e falsos teitos, carpintería e cerraxería, e instalacións: fontanería, saneamento, electricidade e climatización.

**SEGUNDO.** Neste intre, o planeamento vixente no Concello de Mondariz é o **Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz**, publicado no B.O.P. do martes, 1 de xuño de 1999. Segundo este planeamento, a edificación na que se realizarán as actuacións sitúase en **SOLO URBANO**, sendo un **Equipamento Administrativo**.

As presentes obras de reforma interior non modifican os parámetros urbanísticos da edificación.

**TERCEIRO.** O proxecto técnico conta coa seguinte documentación:

- *Xustificación do cumprimento do Código Técnico da Edificación.*
- *Xustificación do cumprimento do Decreto 35/2000 de accesibilidade e da normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.*
- *Estudio para a xestión dos residuos de construción e demolición, segundo o Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.*
- *Plan de control de calidade establecido polo Código Técnico da Edificación.*
- *Xustificación do cumprimento do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.*
- *Estudio Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción.*
- *Plan de obra.*

**CUARTO.** O orzamento de execución material sinalado no proxecto acada a cantidade de 38.070,69 euros. Sendo o orzamento de licitación da obra de 54.817,99 euros.

**QUINTO.** En relación ao expediente de contratación da obra aquí sinalada, e en base ao disposto no artigo 99.3 de a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), considéranse motivos válidos, a efectos de xustificar a **non división en lotes** do obxecto do contrato, os seguintes:

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico.
- Risco para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:
  - ✓ *Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato.*
  - ✓ *Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.*



# Concello de Mondariz

---

- ✓ Coa división en lotes do obxecto do contrato incrementáanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.
- ✓ Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a eficiencia.

En Mondariz.

A arquitecto.  
*Documento asinado electrónicamente na marxe.*

